



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 26 DE XUÑO DE 2020

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 09.15 horas do día 26 de xuño de 2020, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

### ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE  
D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO

### SRES. CONCELLEIROS/AS PRESENTES.-

D. MIGUEL ANGEL GONZÁLEZ GÓMEZ  
D. FAUSTINO SANTIAGO LEMA  
D<sup>a</sup>. NOELIA MARÍA VARELA SUÁREZ  
D<sup>a</sup> RAQUEL FONDO PÉREZ

**SECRETARIA:** D<sup>a</sup> ANTÍA PENA DORADO

**INTERVENTORA:** NON ASISTE

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente exixido polo artigo 113.1.c) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

### 1.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES.-

Aprobación da acta da sesión ordinaria do 03-06-2020. Pola presidencia pregúntase aos asistentes se hai algunha aclaración, non existindo enténdese aprobada por unanimidade.

2.- Expedientes de aprobación dos instrumentos de desenvolvemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal e instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización: **Non contan**

3.- Expedientes de concertación de operacións de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulados das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior: **Non constan**

4.-Expedientes de contratación e celebración de contratos privados conforme a Disposición adicional segunda da LCSP: **CONTRATO DE SERVICIOS CONSERVACION E MANTEMENTO DE AREAS AXARDIÑADAS E OUTROS, E CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE PARQUES INFANTÍS DO CONCELLO DE PONTECESO**

Por parte da presidencia expónse a proposta de alcaldía que no seu literal di:

**“ASUNTO: PROPOSTA DE APROBACIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVICIOS CONSERVACION E MANTEMENTO DE AREAS AXARDIÑADAS E OUTROS, E CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE PARQUES INFANTÍS DO CONCELLO DE PONTECESO (2020/C004/000002)**



### ANTECEDENTES:

Considerando que, para os efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, esta Alcaldía entende necesario que se tramite un contrato de conservación e mantemento de áreas axardinadas e outros, e conservación e mantemento de parques infantís do Concello de Ponteceso (2020/C004/000002), cun orzamento base de licitación de 202.117,84 €, e valor estimado de 357.763,11 €, ao contemplarse as posibles prórrogas e modificacións, como contrato administrativo de servizos, artigo 17 LCSP, empregando o procedemento aberto consonte aos artigo 156 e seguintes da LCSP, tramitación ordinaria, suxeito a regulación harmonizada e tramitación e licitación electrónica por medio da Plataforma de Contratos do Sector Público.

Visto os informes dos Servizos Técnicos Municipais, no que se detallan o estudo económico e a insuficiencia de medios do concello, asinados o 07/05/2020.

Visto a memoria xustificativa do procedemento de contratación elixido (procedemento aberto), asinado polo técnico da administración xeral o 08/05/2020.

Visto o Prego de Prescricións Técnicas (PPT) asinado polos Servizos Técnicos Municipais o 12/06/2020 e o Prego de Condicións Administrativas Particulares (PCAP) asinado polo técnico da administración xeral o 12/06/2020, polos que deben rexerse o contrato en cuestión.

Visto o informe xurídico emitido pola Secretaría asinado o 17/06/2020.

Vista a retención de crédito con cargo á aplicación orzamentaria da anualidade 2020: 2020.171.227.99 (RC número operación 220200007051), e tendo en conta a aplicación orzamentaria da anualidades seguintes: 171.227.99, condicionado á efectiva consignación nos orzamentos correspondentes.

Vista a fiscalización emitida pola Intervención deste Concello de data 18/06/2020.

A competencia municipal en relación co obxecto do contrato ven atribuída polo artigo 25.2, apartados b) e l), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Por todo o anterior, en virtude das competencias conferidas pola lexislación vixente e, en concreto, en virtude do disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e tendo en conta a resolución de alcaldía núm. 374/2019, de 26 de junio, modificada por resolución núm. 283/2020, de 11 de mayo que delega a aprobación do expediente y adxudicación na Xunta de Goberno Local

### PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, do Contrato de servizos de conservación e mantemento de áreas axardinadas e outros, e conservación e mantemento de parques infantís do Concello de Ponteceso (2020/C004/000002) cun orzamento base de licitación de 202.117,84 €, e valor estimado de 357.763,11 €, ao contemplarse as posibles prórrogas e modificacións, e cun prazo de execución de 2 anos (aínda que o contrato poderá ser prorrogado ata 2 veces, de 1 ano de duración cada unha).

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto por importe de 42.107,88 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2020.171.227.99 do Orzamento Municipal de 2020, actualmente en vigor. O restante gasto imputarase a partida 171.227.99, condicionado a consignación efectiva nos orzamentos correspondentes

**TERCEIRO.-** Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que han de rexer a contratación mediante procedemento aberto do presente contrato de servizos.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

**CUARTO.-** Proceder á apertura do procedemento de adxudicación deste contrato por procedemento aberto, dando orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio no perfil do contratante deste Concello, e no Diario Oficial da Unión Europea, para que no prazo de trinta días naturais se poidan presentar as proposicións que se estimen pertinentes.

### **Sométese a votación a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, do Contrato de servizos de conservación e mantemento de áreas axardinadas e outros, e conservación e mantemento de parques infantís do Concello de Ponteceso (2020/C004/000002) cun orzamento base de licitación de 202.117,84 €, e valor estimado de 357.763,11 €, ao contemplarse as posibles prórrogas e modificacións, e cun prazo de execución de 2 anos (aínda que o contrato poderá ser prorrogado ata 2 veces, de 1 ano de duración cada unha).

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto por importe de 42.107,88 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2020.171.227.99 do Orzamento Municipal de 2020, actualmente en vigor. O restante gasto imputarase a partida 171.227.99, condicionado a consiganción efectiva nos orzamentos correspondentes

**TERCEIRO.-** Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que han de rexer a contratación mediante procedemento aberto do presente contrato de servizos.

**CUARTO.-** Proceder á apertura do procedemento de adxudicación deste contrato por procedemento aberto, dando orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio no perfil do contratante deste Concello, e no Diario Oficial da Unión Europea, para que no prazo de trinta días naturais se poidan presentar as proposicións que se estimen pertinentes.

5.- Aprobación de proxectos de obra e servizos non previstos nos orzamentos: **Non constan**

6.-Petición e aceptación de subvencións: **Tramitación de Subvenciones plan concertado -Consellería de Política Social.SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL**

Por parte da presidencia expónse a proposta de alcaldía que no seu literal di:

**“ASUNTO: SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA FINALISTA PARA O COFINANCIAMENTOS DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA O ANO 2020.**

**ANTECEDENTES:**

O 30/03/2012, a Consellería de Política Social, publicou o decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento.

Tendo en conta os documentos obrantes no expediente e os datos proporcionados, segundo a ORDE 10 de xuño de 2020 onde se amplía o prazo para a xustificación exercizo 2019 e presentación de solicitude 2020 (DOG nº113 do 11/06/2020) do Proxecto de SSCM(Servizos Sociais Comunitarios Municipais) ata o 30 de xuño de 2020, incluído.



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail:

CIF: P1506900H  
REL : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tendo en conta o artigo 21 da lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece as atribucións que ostenta o alcalde, competencia que se atopa delegada por o decreto 374/2019 e 282/2020.

### **PROPOÑO A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.-** Solicitar a Subvención correspondente o ano 2020, á Consellería de Política Social, sendo unha transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no decreto 99/2012 de 16 marzo polo que se regulan os Servizos Sociais comunitarios e o seu financiamento, por un importe total de 33.630 € para personal (2 traballadores/as Sociais a xornada completa) e 169.478,40 € para axuda no fogar na modalidade para persoas valoradas como dependentes.

**Segundo.-** O acordo inclúe a declaración de que os Servizos Sociais Comunitarios seguen a prestarse con continuidade.

**Terceiro.-** Remitir a Consellería de Política Social a documentación requerida

**Cuarto.-** Dar conta desta Proposta ó Pleno.

### **Sométese a votación a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:**

**PRIMEIRO.-** Solicitar a Subvención correspondente o ano 2020, á Consellería de Política Social, sendo unha transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no decreto 99/2012 de 16 marzo polo que se regulan os Servizos Sociais comunitarios e o seu financiamento, por un importe total de 33.630 € para personal (2 traballadores/as Sociais a xornada completa) e 169.478,40 € para axuda no fogar na modalidade para persoas valoradas como dependentes.

**SEGUNDO.-** O acordo inclúe a declaración de que os Servizos Sociais Comunitarios seguen a prestarse con continuidade.

**TERCEIRO.-** Remitir a Consellería de Política Social a documentación requerida

**CUARTO.-** Dar conta desta Proposta ó Pleno.

7. Escritos e comunicacións:

8.- Dación de conta de decretos: **Resolucións dende 01/06/2020 (exp: 2020/G003/000349 RES**

**321/2020 do 1 de xuño ata 22/06/2020 (exp: 2020/G003/000386 RES 358/2020 do 19 de xuño)**

A XGL dase por enterada.

9.- ROGOS E PREGUNTAS: **Non se presentaron rogos nin preguntas**

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, do que como secretaria dou fe, asinandoa xunto co alcalde.

O Alcalde

A secretaria

Asdo.: D. Xosé Lois García Carballido

Asdo: D<sup>a</sup> Antía Pena Dorado

Documento asinado electrónicamente ao marxe.